

Meu amigo Bernardino:

Veño de mañá cedeira ata o cerne capital da Chaira que nos honra hoxe a ti e a min nesta mesa das palabras. A ti como Chairego e a min coma seitor. É sabado, o teu día de grandes memorias, cando os amigos achegan os afectos por ferrados e “fanegas de alma”, que dicía o noso amigo Manuel. Sábado 8 de xuño do 1996 en Cangas, ollabas prender ao carón do mar a túa árbore e descubrías para os ollos de futuro o teu nome en pedra na rúa travesa do Forte, o barrio mareante, o do tendal e os xogos daquela infancia que soñabas; hoxe é sábado tamén e estamos de volta nolos dous, na hora das doce, despois da parva, a soerguer a túa figura humana e literaria, agora aquí na Terra Cha dos labregos ao vento, ao sol e aos rechuvazos, paxaros da vida son, coma os araos das Cíes de Soavela, en Ons e tanto máis alá. Eu tamén nacín en sábado, 30 de novembro do 46, unha homenaxe a Antonia da Ponte de Penas, que é a miña nai. Van cadrando ben as contas. O mes de xuño énos tamén propicio, leva o vento morno e maino nas viradas da memoria: En Cangas a sardiña pinga e molla o pan, rebrincan e choutan as xoves xeracións coas labaredas da noite de San Xohán nas prais todas do Morrazo, e Vigo axexa o fulgor do mascato que ti es e que fixo obra e niño na Costa do Cuco e soña e pinta de cores o cadro palabreiro de Galiza ao fondo, alén do azul. Tamén neste mes, cando eu era alguén, seiturabamos a herba aló en Quian e faciamos os gallardetes nos Pendellos d’Agolada, para festa do San Pedro, todo a mau e todo en xogo, nese outro mar de pedra da arquitectura popular de feira, que aínda é. Xa ollas os paralelismos nas cativas distancias dos nosos ollos da memoria.

Celebro arestora contigo esta Honra de Chairego que mereces dos herdeiros da Terra Ancha e Longal. E chamaraste endiante tamén paxaro sobre o mar de verdes e amarelos, coma en Roás, en Outeiro, en Cospeito, en Vilalba, en Guitiriz... indo de ida e volta pola Cova da Serpe cabo da infancia e da vellice ao monte do Facho, o das Alta Aras que axexan Cabo Home e Udra,

estremeiras dunha gorxa de mar que engule e sabe agradecer os agasallos da vida, coma arestora aquí, sábado dezasete de xuño dous mil seis. E pouses e apouvigues as furias do trovador levado en ansias nas Penedas de Rodas, para que o vento labre na macieza do granito as tantas veces moitas grazas aos Amigos de acó que te queren consigo en vida e ledó, bidueiro para as zocas dos camiños todos, que tan ben labra arestora o Norberto Piñeiro de San Simón da Costa.

Que Berobreo, o deus que din do Facho atlántico de Donón, queira e saiba asistir tamén a esta festa de achegas do Mar-Terra en ti, corpo lanzal e nevaradas na barbicha, que tal es sempre de noso.

Xosé Vázquez Pintor  
17 xuño, 2006